



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981-51 30 52
Fax: 981-51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Na sesión plenaria do 25 de xuño do 2015 foi designado representante da Xunta de Compensación SAUI 2, don Jesús Sanjuás Mera.

Con data 3 de marzo do 2016, está prevista a celebración da Asemblea Xeral ordinaria da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón, para tratar os puntos que na convocatoria rexistrada o 16 de febreiro do 2016, número de entrada 16/302, se indican

Non podendo asistir, por motivos persoais o señor Sanjuás Mera a esta reunión da Asemblea Xeral ordinaria da Xunta de Compensación SAUI 2

RESOLVO:

Delegar o dereito de voto para o acto da citada reunión a favor de dona Cristina Carbajales Nouríño, traballadora do Concello de Boqueixón.

Boqueixón, 1 de marzo do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981-51 30 52
Fax: 981-51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 26 de febreiro, no que se resolvía a contratación de un operario relevista con motivo da jubilación parcial de D. Casiano Veleiro Diéguez.

RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación do seguinte traballador de D. Luis Fandiño Abrales para a prestación de servizos en substitución por jubilación parcial de D. Casiano Veleiro Diéguez de acordo coas seguintes condicións:

- Categoría profesional : Operario servizos
- Coste salarial bruto: 1.521,17 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 479,93 euros/mes
- Grupo de cotización : 8 / D
- Modalidade de contrato : 100 Indefinido Tempo Completo / Ordinario.
- Aportación Concello : 100 %

2.-Dar conta desta resolución ó interesado para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 1 de marzo de 2016

O alcalde



Robeiriño Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

37

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECRETO

Con data do 2 de marzo 2016, recíbese no concello a comunicación previa presentada por S.C.Q Platforms S.L.U, para a execución das obras de : acopio de material para recheo do proxecto de urbanización do sector SUDI-2, ARSUD-12, cun orzamento de execución material de 2.051,03 €, e data de inicio marzo – agosto 2016, a executar en Deseiro de Arriba – Sergude.

Tal como se sinala na memoria presentada pola solicitante, estimase a cantidade de residuo en 11.000 m³ procedentes da Rúa Polonia, 2 en Santiago de Compostela. Ditos residuos serán transportados parcialmente polas vías municipais números 257 e 258, que tal como se indica na referida memoria están pavimentadas.

Tal como se establece no artigo 9 da Ordenanza reguladora da taxa para a protección dos camiños rurais e vías públicas do concello, o solicitante deberá presentar unha fianza para responder dos posibles danos, directos ou indirectos, que se puidesen ocasionar co exercicio da actividade solicitada, e do mantemento e limpeza do itinerario polo que se transporta o material.

A devolución da fianza, realizarase previa solicitude dirixida ao concello, indicando o remate dos traballos e, no seu caso, a certificación da reparación completa do dano.

Con data de marzo 2016, (non se indica o día) o enxeñeiro de camiños don Julio C. Rojo Martínez emite un informe, sobre a valoración da reposición do firme das vías afectadas en Deseiro de Arriba – Sergude, cun importe de 6.819,50 €; máis I.V.E. (1.432,10 €), para o caso de que isto fose necesario.

Con data do 8 de marzo de 2016, por María Carmen Novoa Sío, emítese o informe técnico, con relación á solicitude presentada por S.C.Q Platforms S.L.U, o cal di que en cumprimento do artigo 194.5 da redacción actual da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a documentación presentada NON está completa, e deberase emendar do seguinte xeito:

- Indicarase a altura total do amoreamento, e a súa distancia ás fincas e vías lindeiras.
- Indicaranse, de xeito detallado, as medidas ambientais necesarias para garantir que o amoreamento non cause ningún tipo de prexuízo nas fincas e vías lindeiras. Se fose necesario, deberase modificar o orzamento achegado.

- Na memoria indícase que a previsión do volume de material é de 11.000 m³, pero no orzamento achegado a cantidade presupostada é de 10.255,13 m³. Deberase xustificar esta diferenza.

Tendo en conta, que a solicitante desexa executar o correspondente proxecto de urbanización á maior brevidade, e para o cal necesita previamente executar o recheo, e polo tanto transportar os residuos pola vías municipais, procede avocar o coñecemento deste asunto.

Por todo o cal, resolvo:

1. Avocar o coñecemento deste asunto
2. Requirir ao solicitante, para que emende a documentación presentada, en base ao informe técnico que emite a arquitecta municipal, do seguinte xeito:
3. Indicarase a altura total do amoreamento, e a súa distancia ás fincas e vías lindeiras.
4. Indicarase, de xeito detallado, as medidas ambientais necesarias para garantir que o amoreamento non cause ningún tipo de prexuízo nas fincas e vías lindeiras. Se fose necesario, deberase modificar o orzamento achegado.
5. Na memoria indícase que a previsión do volume de material é de 11.000 m³, pero no orzamento achegado a cantidade presupostada é de 10.255,13 m³. Deberase xustificar esta diferenza.
6. Previamente, á utilización das citadas vías municipais, deberá presentar unha fianza por importe de 8.251,60 €

Boqueixón, 8 de marzo de 2016

Ø Alcalde

Ovidio Rodeiro Tato





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
 Forte s/n
 15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
 Fax: 981- 51 30 00
 correo@boqueixon.dicoruna.es
 C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 29 de xaneiro de 2016, rexistro de entrada número 16/167, don Javier [redacted], en calidade de representante do Evento para a Festa da Xuventude 2016, solicita licenza para unha verbena popular de carácter privado ó aire libre no campo de fútbol de Lestedo durante os días 20 e 21 do vindeiro mes de maio.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante do Evento para a Festa da Xuventude 2016 licenza para a realización dunha verbena popular de carácter privado ó aire libre no campo de fútbol de Lestedo coas seguintes:

Día 20 de maio de 2016

Tipo de espectáculo : Verberna ao aire libre consistente en baile pola noite a cargo das orquestras París de Noia, Panorama e Combo Dominicano no lugar do campo de fútbol de Lestedo, evento recinto pechado con entrada de pago a 6 euros por compra anticipada e a 8 euros por compra en taquilla, con seguridade a cargo dunha empresa privada debidamente autorizada denominada MENKEEPER con CIF B70186937 e números de autorización da Policía 3353 e B72028152.

Características dos escenarios :

París de Noia: Trailer de 30,00 mts. de longo, 12,00 mts. de alto e 10,50 mts. de fondo.

Panorama: Trailer de 30,00 mts. de longo, 12,00 mts. de alto e 10,50 mts. de fondo.

Combo Dominicano: Trailer de 18,00 mts. de longo, 12,00 mts. de alto e 10,00 mts. de fondo.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 7000 persoas.

O horario de comezo será as 22:30 onde cada orquestra actuará 2,30 horas, finalizando o evento ás 06:00 horas do día 21 de maio de 2016.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 14 de marzo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 3115
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: cultura@boqueixon.com

O día 1 de febreiro de 2016 recíbeuse escrito da Xunta de Galicia no que se anuncia a IV edición do programa **Cultura no Camiño 2016** cuxo obxectivo é a colaboración coa actividade cultural dos concellos polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago.

Este programa desenvólvese dende o 15 de abril ata o 30 de setembro de 2016, cun mínimo de dúas actuacións por concello e ata un importe máximo de 2.500 euros, para os concellos de menos de 20.000 habitantes, que achegará a Agadric e Turismo de Galicia, importe corresponde ao 50% do presuposto total da programación a realizar.

Unha vez solicitada a participación neste programa e confirmada a aceptación do noso concello,

RESOLVO:

1) Solicitar os espectáculos que a continuación se detallan cos seguintes importes:

| Nome do grupo/ espectáculo | Caché | Aportación Xunta (50%) | Aportación concello (50%) |
|--------------------------------|---------|------------------------|---------------------------|
| Fanfarría Taquikardia | 1.936 € | 968 € | 968 € |
| Peter Punk: Chungo Ke Te Cagas | 700 € | 350 | 350 € |
| Total | 2.636 € | 1.318 € | 1.318 € |

2) Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa no presente ano, por un importe que ascende a un total de **1.318,00 euros**, correspondentes ao 50 % dos cachés dos espectáculos solicitados.

En Boqueixón a 14 de marzo de 2016.



Asdo. Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

40
Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECRETO

Con data do 2 de marzo 2016, recíbese no concello unha solicitude de licenza municipal, para realizar obras de construción dunha liña de media tensión soterrada, denominada "PUNTO FRONTEIRA VALDERRAMA E LIÑA DE MEDIA TENSIÓN SOTERRADA 20 KW DE INTERCONEXIÓN A C.T. CAMPORRAPADO II (BOQUEIXÓN).

A solicitude é presentada por UNIÓN DISTRIBUIDORES ELECTRICIDADE, S.A. (UDESА); con domicilio social en Rúa Xosé Ánxel Valente; Nº 17 - Baixo B (15706 - Santiago de Compostela (A Coruña).

As obras previstas recorren distintas vías de titularidade municipal (identificadas no inventario municipal de bens, cos números 581, 596, 597, 615 e 604), entre os núcleos de Castro de Abaixo e Camporrapado, na maior parte do seu recorrido po las cunetas destinadas á recollida de augas pluviais das vías públicas. Tamén están previstas obras en varios puntos, sobre o firme das vías públicas, afectando a distintas zonas e con diferentes tipos de firme.

Tal como se establece no artigo 9, da Ordenanza reguladora da taxa para a protección dos camiños rurais e vías públicas do concello, o solicitante deberá presentar unha fianza, para responder dos posibles danos, directos ou indirectos, que se puidesen ocasionar co exercicio da actividade solicitada, e do mantemento e limpeza do itinerario polo que se transporta o material.

A devolución da fianza, realizarase previa solicitude dirixida ao concello, indicando o remate dos traballos e, no seu caso, a certificación da reparación completa do dano.

Con data de marzo 2016 (non se indica o día), o enxeñeiro técnico industrial, don Pablo Rojo Losada, realiza unha memoria valorada, sobre da repercusión de obras de UDESА en vías municipais en Camporrapado-Valderrama, cun importe total de execución material de 10.344,41 €; un orzamento base de 12.309,84, por si fose necesario licitar as ditas obras, máis o importe do I.V.E. correspondente (2.858,07 €); para un orzamento total de 14.894,91 €.

Con data do 8 de marzo de 2016, por María Carmen Novoa Sío, emítese o informe técnico favorable, con relación á solicitude presentada por UDESА, á espera da autorización previa de deba emitir a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tendo en conta, que a solicitante desexa ter toda a documentación administrativa preparada e lista, para executar as obras o máis pronto posible, unha vez recibida a autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, procede avocar o coñecemento deste asunto, por todo o cal **Resolvo**:

1. Avocar o coñecemento deste asunto.
2. Requirir ao solicitante, para que non comece as obras, mentres nos dispoña de tódalas autorizacións administrativas previas necesarias.
3. Previamente, á utilización das citadas vías municipais afectadas polas obras descritas, deberá presentar **unha fianza por importe de 10.344,41 €.**
4. Notifícase a presente Resolución ao solicitante.

Boqueixón, 16 de marzo de 2016

O Alcalde





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

41
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Solicitud de subvención nominativa (PAS 2015) e aprobación da compra da leira e do proxecto da obra de acondicionamento. Modificación de proxecto

No mes de decembro de 2015, enviouse para a Deputación da Coruña, a través da plataforma SUBTEL, a documentación correspondente á solicitude da subvención nominativa, que foi aprobada no Pleno realizado o día 10 de decembro de 2015.

Naquel momento, aprobouse un proxecto único que englobaba a compra da leira e as obras que posteriormente se fan realizar na mesma, denominado " Adquisición e acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte" por un importe de 140.034,40 euros, dos que 28.006,88 eran a cargo do concello e 112.027,52 eran financiados pola Deputación.

Posteriormente a Deputación enviou, vía electrónica, un requirimento no que se sinalan as deficiencias que a continuación se indican e que deberán ser corrixidas:

1. O proxecto inclúe obras por administración por importe de 40.696,00 euros e a compra da parcela por importe de 99.338,40 euros. Sen embargo, deben separarse en expedientes diferentes ambos obxectos.
2. Non se indica por qué se compra e non se expropia ou se adquire doutra forma.
3. Non consta peritaxe por taxación independente.
4. Non consta informe urbanístico
5. Non consta a conformidade dos propietarios

Consecuentemente o concello efectuou os seguintes trámites:

- 1- Elaborou un novo proxecto de execución de obras por importe de 40.696,00 euros para a súa execución por administración

2- Solicitou tres ofertas de tres sociedades de taxación: Tinsa, Tecnitasa e Arquitasa, resultando adxudicataria Arquitasa, a que emitiu o informe pericial con data 22/02/2016, recibido no concello o día 29/02/2016. No informe presentado pola sociedade de taxación, o valor da propiedade é de 98.918,56 euros.

3- Así mesmo, con data 23/02/2016, a técnica municipal emite o correspondente informe urbanístico e con data 10/02/2016 elaborouse a memoria xustificativa da necesidade de adquisición da parcela por compra directa.

4- Por último, con data 15/03/2016 recibíuse o compromiso dos propietarios da parcela aceptando a venda da mesma polo importe de 98.918,56 euros

Por todo isto, co fin de remitir a nova documentación á Deputación para a súa comprobación e así poder ser ratificado o acordo no Pleno que se realizará o vindeiro mes de maio, e tendo en conta que; tanto a aprobación deste proxecto coma a adquisición desta parcela son competencia desta alcaldía, posto que en ambos casos o importe non excede do 10% dos recursos ordinarios do presuposto.

Tendo en conta, así mesmo, que esta alcaldía ten delegadas as súas atribucións no Pleno, en cumprimento do establecido no art. 14 da LRPAC e mantendo a aprobación posterior polo Pleno, Resolvo:

1 Avocar, neste momento do trámite, o coñecemento deste asunto

2 Modificar o acordo plenario do día 10/12/2015 polo que se acordou participar no Plan Pas 2015, quedando aprobado tal e como a continuación se detalla:

Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a inclusión da subvención nominativa que xa tiña solicitada para a execución de investimentos, que estaba pendente de aprobación e que pasa a incluírse neste Plan:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|--|-------------------|------------------|-------------------|
| Acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil | 32.556,80 | 8.139,20 | 40.696,00 |
| Adquisición dunha parcela no lugar do Forte | 79.134,85 | 19.783,71 | 98.918,56 |
| TOTAL | 111.691,65 | 27.922,91 | 139.614,56 |

3.- Declarar que o concello vai adquirir os terreos nos que posteriormente se desenvolverán as obras relacionadas no correspondente proxecto e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Dispoñer dos fondos necesarios, que xa están consignados no orzamento do ano 2015, para facer fronte á achega municipal correspondente para a execución deste proxecto.

5.- Acordar facer as obras do acondicionamento da parcela por administración, tendo en conta o art. 24 do TRLCSP e o informe do técnico redactor do proxecto onde se xustifica que, os elementos auxiliares utilizables para a realización da obra, supoñen unha economía superior ó 5% do importe do presuposto.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. .

8.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

10.- Ratificar este acordo na próxima sesión plenaria

Boqueixón, 16 marzo de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

42

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Resolución de alcaldía

Esta entidade local pretende desenvolver un proxecto que axude a acadar beneficios socioambientais, alongando a vida das plantas e das xardineiras, para a harmonización e recuperación da contorna rural, cunha mellora do mobiliario urbán existente no municipio. Para o cal, se proxecta involucrar a veciñanza no coidado da contorna, a través das xardineiras, mediante unha aportación persoal e artística ó espazo público, de tal xeito que cada xardineira sexa apadriñada/amadriñada por calquera veciño/veciña.

Por tanto, o proxecto consiste en que o padriño ou madrina se faga cargo da plantación e mantemento dunha ou varias xardineiras municipais, asumindo o compromiso polo período dun ano renovable.

Por todo isto, Resolve aprobar as seguintes BASES REGULADORAS DO PROXECTO “APADRIÑA/AMADRIÑA UNHA XARDINEIRA”

PRIMEIRA.- Introducción

Este proxecto ten por obxecto que se estableza unha contribución cidadá á mellora estética da nosa contorna e á mellora da calidade ambiental; e sobre todo, á mellora da relación veciño contorna mediante unha achega persoal e artística ó espazo público, da que poderemos gozar todos, veciños e visitantes.

SEGUNDA.- Obxectivos.

- ▶ Alongar a vida das plantas e das xardineiras.
- ▶ Aproveitamento dos recursos existentes.
- ▶ Embelecer o municipio de Boqueixón.
- ▶ Formar un grupo de participación cos padriños e madriñas compartindo inquietudes comúns.
- ▶ Motivar a participación cidadá, involucrando á veciñanza no coidado do contorno.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

► O concello asesorará técnica e acompañará ós padriños/madriñas, permitindo crear un grupo de participación entre os padriños e madriñas participantes. O concello procurará impartir xornadas, ofrecer información, levar dinámicas diversas, etc.

SEGUNDA.- Requisitos para participar

► Poderán participar calquera persoa, empresarios/as, institucións públicas ou privadas, asociacións, centros educativos, etc que desexen apadrinar/amadriñar unha ou varias xardineiras. Neste último caso solicitarán a súa inclusión no proxecto para poder acceder ó programa a través do Concello de Boqueixón. Sendo un requisito imprescindible asinar unha carta de compromiso.

► Non se establece idade mínima de participación.

► O feito de participar no proxecto implica o coñecemento e a aceptación de todas e cada unha das bases.

TERCEIRA.- Obrigas dos participantes

► Que o padriño /madriña se faga cargo da plantación e mantemento dunha ou varias xardineiras municipais, asumindo o compromiso polo período dun ano.

O concello falicitará o material da primeira plantación (substrato e planta) e durante o período de mantemento se a xardineira precisa renovación da planta poderase establecer a posibilidade de facer algunha nova plantación. Neste último caso, o concello articulará a fórmula para que o padrino/madriña poida recoller o material e decidirá en que momento do ano se pode realizar. Por tanto, os demais materiais que o padrino ou madriña requiran para o mantemento da xardineira será asumido polo padrino/madriña.

► É obrigatorio asistir á primeira Xornada/taller formativa. É importante que se faga unha presentación sobre a preparación, composición ornamental, coidado da xardineira, etc.

► O concello ó longo do ano poderá establecer un concurso entre as xardineries apadrinadas/ amadriñadas. Polo que o feito de participar neste proxecto supón que as xardineiras adxudicadas entran a formar parte do concurso, polo que non precisan inscrición. Dende o concello se remitirá a información do mesmo.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

- ▶ Asinar unha carta de compromiso e aceptación das bases.

CUARTA.- Duración do apadriñamento/amadriñamento

- ▶ O apadriñamento/amadriñamento terá unha duración dun ano e salvo acordo en contrario dalgunha das partes, este prazo será prorrogado.

QUINTA.- Material

- ▶ O concello disporá das xardineiras de propiedade municipal, situadas en espazos públicos.

- ▶ As xardineiras non se poderán pintar, perforar e/ou modificar en canto o seu continente, co fin de preservar a homoxeneidade do mobiliario urbano.

- ▶ Para a primeira preparación da xardineira: os primeiros consumibles como substrato, planta ornamental de tempada serán entregados ó padriño/madriña, sen que repercuta ningún coste para o padriño/madriña. Ditos consumibles deberán ser retirados polos participantes no mesmo día ou no prazo máximo dunha semana seguinte á xornada/taller formativo-práctico que deberán realizar os participantes neste proxecto. En todo caso calquera eventualidade respecto a este punto será tratado co Concello de Boqueixón de maneira individualizada.

- ▶ Entregarase un manual básico de xardinería a cada padriño/madriña

- ▶ A entrega de todo o material requirirá ter asinada previamente a carta de compromiso e aceptación das bases.

- ▶ O material mencionado outorgarase sempre e cando se teñan existencias.

SEXTA.- Emprazamento das xardineiras

- ▶ A decisión da ubicación das xardineiras será acordada polo padriño/madriña e o concello de Boqueixón sempre nun espazo público e que non supoña restar accesibilidade ou perxuízo a terceiros.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

► Ningún padriño/madriña poderá cambiar a súa ubicación das xardineiras sen consentimento municipal.

SÉTIMA.- Carné de padriño/madriña.

► O concello outorgará un carné de padriño/ madriña co que poderá retirar os primeiros consumibles empregados na xardineira ou xardineries adxudicadas e para calquera outra vantaxa que dende o concello se poidera establecer.

OITAVA.- Base de datos de todos/as padriños/madriñas.

► O concello disporá unha base de datos con nomes e apelidos, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico para o desenvolvemento das accións vinculadas a este proxecto.

► O concello poderá crear un grupo de participación entre os padriños e madriñas participantes.

► Poderán exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito nas direccións arriba indicadas.

NOVENA.- Documentación da solicitude

- DNI ou CIF do solicitante.
- Impreso de solicitude.
- Carta de compromiso e aceptación das bases.
- A documentación presentárase polo Rexistro Xeral do Concello.

DÉCIMA.- Prazo de inscrición

Non se establece prazo límite, podendo inscribirse ó longo de todo o ano.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

UNDÉCIMA.- Información

Calquera interesado poderá achegarse as dependencias municipais do concello de Boqueixón, Lugar de Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña). Teléfono: 981513061, FAX. 981513000, correo electrónico: correo@boqueixon.com.

Boqueixón, 18 de marzo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

43

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

DECRETO

No DOGA nº 40 do 29 de febreiro de 2016, saíron publicadas as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

Tendo en conta o establecido no artigo 5. 5e) das bases reguladoras, que exige a presentación de tres ofertas como mínimo, no caso da execución de obras.

Tendo en conta, así mesmo, o establecido no artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia que establece “cando o importe do gasto subvencionable supere as cuantías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación”.

Tendo en conta, por último, que se establecen as bases reguladoras da subvención en réxime de concorrència competitiva, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto, por motivos técnicos.
- 2.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención en materia de accesibilidade e sinalización para o proxecto: **“Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro”**.

O anteprojecto inclúe: planos de localización; planos do estado actual; relación exhaustiva (indicando calidades) dos materiais e acabamentos propostos; relación detallada dos equipamentos (calidades, localización e número) que se van instalar; reportaxe fotográfica do inmovible, exteriores, interiores e da contorna; orzamento detallado, agrupado por partidas dos gastos necesarios para a execución do proxecto.

O custo total das actuacións ascenden a **46.479,22 euros** (ive incluído) e solicítase o 100% do custo.

- 3.- Aprobar o anteprojecto **“Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro”**, que recolle unha definición exacta das intervencións que se van realizar.

Accesibilidade:

- Mellora da zona de aparcadoiro
- Reposición de varanda de madeira con balaustre rectangulares no acceso ao cumio.
- Acondicionamento na Capela



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

- Acondicionamento do acceso a boca da cova norte
- Reposición de travesas na escaleira de acceso ao cumio

Sinalización:

- Sinalización direccional
- Sinalización estática. Patrimonio Cultural
- Sinalización estática. Patrimonio Natural

4.- Solicitar ofertas para a execución do proxecto, en caso da concesión da correspondente subvención, ás seguintes empresas:

- 1.- Parques y Jardines Luis Millán
- 2.- Hnos. Couto Fandiño, S.L.
- 3.- Construcciones Boqueixón, S.L.

- 5.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada resolución.
- 6.- Aceptar e coñecer as bases reguladoras da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.
- 7.- Comprometese a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.
- 8.- Dispor dos fondos necesarios para a execución do proxecto.
- 9.- Declara estar ó corrente das obrigas tributarias e a seguridade social.
- 10.- Autorizar á Axencia de Turismo de Galicia a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia nas que se acredite que o concello está ó corrente das obrigas tributarias.
- 11.- Acreditar ter aprobada e remitida correctamente a Conta Xeral 2014.
- 12.- A entidade comprométese a dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que se deriven da execución do proxecto.
- 13.- A entidade comprométese á obtención das licenzas ou autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.
- 14.- Comunicar esta resolución á Axencia de Turismo de Galicia.

Boqueixón, 21 de marzo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

RESOLUCIÓN

O 14 de xullo do 2015 co número de entrada 15/1418, don Alfonso , con domicilio en , presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, número 503, polígono 47, propiedade de herdeiros de Bernardo , por estar con maleza e con arborado que non cumpre coas distancias esixidas na normativa actual de prevención de riscos forestais.

Por Decreto da alcaldía de 22 de xullo de 2015 resolveuse requirir ós propietarios da leira número 503, polígono 47, herdeiros de Bernardo ; para que procedesen coa limpeza/corta da biomasa vexetal existente na leira , de acordo co establecido na Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Na Xunta de Goberno do 17 de setembro do 2015 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa limpeza/corta da biomasa vexetal na leira número 503, polígono 47, de , propiedade de herdeiros de Bernardo , ata gardar as distancias sinaladas na normativa da Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Na Xunta de Goberno do 5 de novembro do 2015 acordouse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa limpeza de da biomasa vexetal na leira número 503, polígono 47, de , propiedade de herdeiros de Bernardo , ata gardar as distancias sinaladas na normativa da Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Con data 12 de febreiro do 2016, con rexistro de saída 16/126, o Concello de Boqueixón remite o Xulgado do Contencioso-Administrativo, solicitude de entrada na parcela número 503, polígono 47, do lugar de , para proceder coa execución subsidiaria da limpeza.

Con data 10 de marzo do 2016, co número de entrada 16/482, recíbese no concello dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso-Administrativo número 2, no que se sinala "dar traslado ós herdeiros de Bernardo para alegacións por prazo de dez días, da solicitude (de autorización xudicial de entrada) e documentos".

Con data 14 de marzo do 2016, número de entrada 16/501, (herdeiro de Bernardo) solicita o arquivo do expediente por proceder coa limpeza/corta de maleza e carballo na leira número 503, polígono 47, de .

Con data 17 de marzo do 2016, o coordinador de obras e servizos do concello informa que:
" Feita inspección técnica no lugar de _____, compróbase que existen leiras dedicadas a monte preto da vivenda de don Alfonso .

Na leira número 503, polígono 47, procedeuse coa corta/limpeza de biomasa vexetal da mesma.

Cúmprese coa normativa das distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia."

Tendo en conta que esta alcaldía delegou as súas competencias na Xunta de Goberno, no decreto do 29 de xuño do 2015, e sendo urxente dar traslado deste arquivo ó Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Santiago de Compostela co fin de que cancele a tramitación da autorización de entrada, e tendo en conta que a vindeira Xunta de Goberno non terá lugar ata o día 7 de abril de 2016,

RESOLVO:

1. Avocar o coñecemento e resolución deste asunto
2. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os herdeiros de Bernardo _____, propietarios da leira número número 503, polígono 47, do lugar de _____, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza e corta de biomasa vexetal, ata gardar as distancias esixidas na Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.
3. Informar que a limpeza da leira _____ terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
4. Comunicar a resolución ós interesados.

Boqueixón, 21 de marzo do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

45
Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECRETO

Aprobación da certificación de execución das obras de arranxo da Ponte de Donas e da acta de recepción das mesmas

Con data 19 de xaneiro 2016, solicitase por vía de urxencia a empresa "Hermanos Couto Fandiño, S.L.", oferta para a execución da obra de reparación da ponte sobre o rego de Valpedre - Donas, cuxo presuposto total acende a 8.054,91 € IVE incluído.

Por resolución da alcaldía de data 25 de xaneiro 2016, adxudicóuselle a realización da citada obra aos Hermanos Couto Fandiño, S.L, no prezo de 8.000,00 € IVE incluído.

Con data 7 de marzo 2016, recíbese no concello a sentenza do xulgado contencioso administrativo nº 2, sobre procedemento abreviado 689/2015 contra a compañía aseguradora ALLIANZ, pola que se desestima o recurso interposto pola referida aseguradora contra o acordo da xunta de goberno de 1 de outubro de 2015 relativo á execución de reparación polos danos causados na ponte sobre o rego de Valpedre polo camión propiedade de .

Dispón a sentenza que o propietario ou ben a compañía do seguro, aboan ao concello a reparación dos danos, e no caso de non aboar o citado importe proceda á recadación da débeda en vía executiva.

Con data 21 de marzo de 2016, ten entrada no rexistro municipal, co nº 16/550, a certificación da execución das obras así como a correspondente acta de recepción.

Á vista do cal, RESOLVO:

1. Aprobar a certificación final da obra de arranxo da ponte de Donas, cun importe de execución de 8.000,00 €, de data 18 de marzo de 2016, asinada por don Julio C.Rojo Martínez.
2. Aprobar, así mesmo, a acta de recepción das citadas obras.
3. Comunicar esta resolución a , e á "Compañía de seguros ALLIANZ", para que procedan co aboamento no prazo máximo de 10 días.

Boqueixón, 22 de marzo de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

46
Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECRETO

Aprobación liquidación orzamento 2015

Vista a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio do ano 2015, de cuxos datos resulta:

| | |
|-------------------------------------|----------------|
| - Remanente de tesourería positivo: | 1.237,768,08 € |
| - Superávit presupostario: | 636.959,67 € |
| - Resultado resupostario: | 767.010,57 € |
| - Aforro bruto: | 428.740,04 € |
| - Aforro neto: | 118.409,08 € |

Tendo en conta, así mesmo, o informe económico que reflicte os datos anteriormente descritos, así como o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, resolvo:

1. Aprobar a liquidación do orzamento de 2015, nas cifras nas que se redacta, de acordo co establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de decembro polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e co establecido na Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, modificada pola Lei orgánica 4/2012 de 25 de decembro.
2. Remitir a liquidación aos organismos que legalmente proceda.

Boqueixón, 29 de marzo de 2016


Ovidio Kodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

Resolución de alcaldía

